


OBTENCIÓN E SEPARACIÓN DUN PRECIPITADO DE IODURO DE CHUMBO (II)

OBXECTIVO: Formación dun precipitado dun sal pouco soluble e separación do mesmo por filtración a baleiro.

MATERIAL

Vasos de precipitados (2), varíña axitadora, espátula, balanza, Kitasato, Büchner, trompa de auga, papel de filtro, tubo de ensaio, placa calefactora

Reactivos: nitrato de chumbo (II) e ioduro de potasio



PROCEDIMIENTO

- 1- Pesar ca balanza 3 g de nitrato de chumbo (II) nun dos vasos de precipitados e 2 g de ioduro de potasio no outro vaso de precipitados.
- 2- Engadir auga en cada un dos vasos de precipitados e axitar ata preparar dúas disolucións acuosas o máis concentradas posible (aprox 20 ml de auga).
- 3- Botar pouco a pouco a disolución de nitrato de chumbo sobre a de ioduro de potasio
- 4- Agardar a que se forme o precipitado.
- 5- Colocar o papel de filtro no Büchner e filtrar a baleiro mediante o Büchner e o Kitasato
- 6- Lavar o precipitado varias veces engadindo auga sobre o mesmo para eliminar as impurezas.
- 7- Sacar o precipitado do Büchner con axuda dunha espátula e deixalo secar, co papel de filtro, colocándoo nun vidro de reloxo previamente pesado.
- 8- Unha vez seco, pésase e calcúlase a masa de precipitado formado.

Cristalización:

- 9- Coller unha punta de espátula do precipitado de ioduro de chumbo (II), pasalo a un tubo de ensaio e engadir auga ata 1/3 do tubo. Quentar ata que se disolva todo o precipitado e deixalo arrefriar: observar os cristais dourados de PbI_2 que se forman.

CUESTIÓNS

- 1- Escribe a reacción que tivo lugar e xustifica cal é o reactivo limitante.
- 2- Calcula a masa teórica de precipitado que se debería obter.
- 3- Unha vez seco e pesado o precipitado, calcula o rendemento da reacción.